

## CONTRATO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PSICOLOXÍA AOS DEPORTISTAS DGAN

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2023

### REUNIDOS

**Dunha parte**, a FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, representada neste acto polo seu director-xerente D. Iván Clavel San Emeterio, con DNI 16.585.036-N, con enderezo na Rúa Madrid, 2-4 (2º andar), 15781, de Santiago de Compostela (A Coruña), e provista do C.I.F. G-15769383. En diante, a Fundación.

**Doutra parte**, o COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA, representado neste acto pola decana D<sup>a</sup>. María Rosa Álvarez Prada, con DNI 34947079M, con enderezo na Rúa Espiñeira, 10, baixo, 15706, de Santiago de Compostela (A Coruña), e provista do C.I.F. Q-1500265B.

### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

**Primeiro.-** A Fundación Deporte Galego é unha entidade instrumental da Secretaría Xeral para o Deporte, que ten como finalidade fundacional a promoción e incentivo do deporte e da actividade física en Galicia.

**Segundo.-** Segundo o artigo 4 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, as administracións públicas galegas fomentarán, no ámbito das súas respectivas competencias, a práctica do deporte conforme a unha serie de principios, entre os cales se encontra, no apartado g), a promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte.

Asemade, no artigo 34, a devandita Lei sinala que a Administración autonómica establecerá as formas de apoio para os/as deportistas galegos/as de alto nivel, así como a súa inserción social e profesional durante a súa carreira deportiva e ao final desta. Igualmente, de acordo co artigo 35, poderán ser declarados de alto nivel os técnicos, adestradores e árbitros en función dos criterios de interese deportivo referidos aos deportistas.

**Terceiro.-** A promoción do deporte de competición e de alto nivel require da adopción por parte dos poderes públicos de medidas dirixidas aos deportistas que permitan compatibilizar a súa preparación e práctica competitiva co desenvolvemento noutros ámbitos como o familiar, formativo, laboral ou social. Entre ditas medidas considérase adecuado e de interese para os fins perseguidos facilitar o acceso por parte dos deportistas DGAN a servizos de psicoloxía por parte de profesionais psicólogos que contribúan ao benestar dos mesmos e ao seu desenvolvemento

integral, á vez que dea resposta ao aumento significativo da demanda de atención e aos problemas de saúde mental.

**Cuarto.-** O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que conta con profesionais da psicoloxía que desenvolven a súa profesión no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Quinto.-** A Fundación, para a posta en marcha da devandita medida, precisa prestar servizos psicolóxicos para o cal asina o presente Contrato co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

**Sexto.-** Para a súa adxudicación o sistema utilizado é o do contrato menor, polo importe de licitación, sen que resulte posible a solicitude de distintas ofertas debido a que o ámbito territorial do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é o da Comunidade Autónoma de Galicia e a necesidade de que a prestación desta tipoloxía de servizos se realice por profesionais incorporados ao devandito Colexio profesional.

**Sétimo.-** Conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecéndose plena capacidade, conveñen en subscribir o presente Contrato conforme ás seguintes.

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto, beneficiario e condicións do Contrato

Este Contrato ten por obxecto a prestación de servizos de atención psicolóxica a deportistas DGAN por parte de profesionais incorporados ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Terán a condición de deportistas DGAN e poderán acceder ao devandito servizo aquelas persoas que teñan recoñecida tal condición de conformidade co Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, ou normativa que o substitúa.

O/as psicólogos/as que presten estes servizos deberán ser seleccionados entre os colexiados/as que cumpran cos requisitos xurídicos-administrativos para o exercicio profesional, conforme cos seguintes criterios:

1. Ser psicólogo/a colexiado/a do COPG e estar ao corrente de pago das cotas colexiais.
2. Non estar cumprindo ou pendente de cumprimento unha sanción de tipo deontolóxico.
3. Cumprir os requisitos de competencias profesionais:
  - 3.a. Para a prestación de servizos de Psicoloxía do Deporte: Acreditación nacional de psicoloxía especializada no deporte do CGP de España e/ou Master en psicoloxía do deporte máis 2 anos de experiencia profesional.
  - 3.b. Para a prestación de servizos exclusivamente sanitarios: Acreditación de psicoloxía sanitaria e/ou clínica e 200 horas de formación en psicoloxía do deporte máis 3 anos de experiencia profesional.

4. Presentar unha declaración responsable de estar dado de alta no réxime especial de traballadores autónomos.
5. Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional, o cal se acreditará mediante o pagamento do último recibo do ano en curso.
6. Certificado de delitos de natureza sexual ou xustificante de telo solicitado.
7. Non estar sancionado por unha falta grave ou moi grave pola vulneración do Código Deontolóxico da Psicoloxía ou en período do seu cumprimento.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá realizar os seguintes servizos:

- Elaboración da listaxe cos profesionais colexiados exercentes que en último termo prestarán o servizo, e que acepten prestalos nas condicións previstas no presente Contrato, que cumpran os requisitos establecidos no presente documento.
- Asignación dos profesionais colexiados exercentes e organización e xestión do servizo obxecto do presente Contrato.

A prestación dos servizos de psicoloxía ao abeiro do presente Contrato procederase con arranxo ás seguintes normas:

1. Solicitud: A Fundación Deporte Galego enviará un correo electrónico ao Colexio Oficial de Psicoloxía solicitando a designación de psicólogo/a, indicando a localidade de pertenza.
2. O Colexio Oficial de Psicoloxía contactará coa persoa beneficiaria para concretar as necesidades psicolóxicas, e deste modo derivar a un profesional da psicoloxía en función das necesidades e a proximidade territorial.
3. O Colexio Oficial de Psicoloxía notificará por sede electrónica ao profesional de psicoloxía que por quenda de listaxe lle corresponda, facilitándolle os datos de contacto do deportista e un código de persoa usuaria.
4. No caso de que ambas partes acepten a intervención, deberase concretar a cita no prazo de 48 horas dende a aceptación.
5. Os deportistas DGAN poderán desfrutar dun máximo de 4 sesións gratuítas por deportista DGAN, tras o cal as persoas que así o requiran continuarán sendo tratados polos profesionais colexiados nas condicións que as partes acorden libremente.

### **Terceiro.-** Listaxes

Unha vez que o/a psicólogo/a entre a formar parte da lista para a prestación de servizos de psicoloxía aos deportistas DGAN asinará un compromiso de aceptación das normas de funcionamento da listaxe, así como do compromiso de actuación.

Excepcionalmente, poderase renunciar á intervención por causas de forza maior debidamente acreditadas.

As persoas interesadas en incorporarse nas devanditas listaxes de psicólogas e psicólogos deste Colexio Oficial, deberán presentar :

- Solicitud segundo modelo axunto.
- Copia simple da documentación acreditativa dos méritos que desexen facer constar.
- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos para formar parte das listaxes (declaración de alta en autónomos, seguro de responsabilidade civil profesional, certificado de delitos de natureza sexual).

**Segunda.-** O importe do Contrato ascende á cantidade de **17.871,70 euros**, I.V.E. incluído, contía que representa o gasto máximo a realizar pola Fundación en virtude do contrato.-

Este importe supón o gasto máximo a pagar pola Fundación con obxecto dos servizos deste Contrato. En todo caso, a prestación do servizo será polas sesións efectivamente prestadas, a un prezo de 52 euros/sesión (IVE excluído), e fixando un número máximo de 250 sesións. As sesións terán a duración dunha hora.

Ademais, a Fundación Deporte Galego abonará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pola organización e xestión das listaxes unha cantidade de 1.770 euros (IVE excluído).

O presente Contrato financiarase con cargo aos orzamentos da Fundación Deporte Galego para o ano 2023, concretamente con cargo á partida orzamentaria (5. Outros gastos), na que se garante existe crédito de abondo para este Contrato.

**Cuarta-** O pago efectuarase mensualmente, unha vez xustificado o número de sesións efectivamente realizadas, contra presentación de factura e previa conformidade da mesma por parte da Fundación. De acordo ao estipulado na cláusula segunda deste contrato o importe a aboar pola Fundación por cada sesión efectivamente realizada será de 59,08 euros (IVE excluído).

A tal efecto, tras a prestación do servizo por parte do profesional colexiado, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia procederá a recoller as fichas asinadas segundo o modelo do Anexo I adxunto ao presente Contrato, como proba do servizo prestado.

**Quinta.-** O prazo de execución do Contrato é dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

**Sexta.-** As Partes facilitarán aos deportistas DGAN toda a información sobre o servizo obxecto do presente Contrato que requiran, atendendo as consultas que se realicen ou derivando as mesmas á Oficina de Atención ao Deportista (OAD), que terá encomendada a función de atender e asesorar aos deportistas sobre o servizo posto a súa disposición no marco do presente Contrato.

A información aos deportistas DGAN sobre o servizo ofrecido canalizarase por medio da Oficina de Atención ao Deportista (OAD).

As partes levarán a cabo actuacións para promover a visibilidade do servizo obxecto do presente Contrato e o seu uso por parte dos deportistas DGAN. As partes difundirán a través das súas respectivas ferramentas de comunicación o servizo que se pon a disposición dos deportistas DGAN por medio do presente, respectando en todo caso os logotipos e directrices de imaxe externa de cada unha das partes.

**Sétima.-** O Colexio Oficial de Psicoloxía e os seus profesionais da psicoloxía deberán respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do Contrato ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase despois da finalización do Contrato.

Considerase confidencial toda información que sexa achegada polas partes, ben sexa en soporte magnético ou en documentos escritos ou incluso verbalmente, salvo que a mesma fora coñecida previamente ou fora sido divulgada publicamente, ben con anterioridade á recepción da mesma ou posteriormente a esta. Ningunha das partes poderá proporcionar a terceiros dato algún dos servizos prestados.

Os psicólogos e psicólogas designados prestarán os seus servizos con total respecto e observancia dos principios esenciais de absoluta confidencialidade e respecto do segredo profesional que a profesión e a Fundación en especial esixen, con estrita observancia da ética profesional e das normas deontolóxicas. Igualmente prestaranse con suxeición aos principios de autonomía profesional.

A prestación de servizos realizada polos/as psicólogos/as obxecto deste Contrato, non levará o establecemento dunha relación laboral co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nin coa Fundación Deporte Galicia.

**Novena.-** O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, ao ter acceso a Datos de Carácter Persoal responsabilidade da Fundación, terá a consideración de Encargado de Tratamento aos efectos do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos ou RGPD). Unicamente tratará os Datos de Carácter Persoal conforme o establecido neste Contrato. En ningún caso, o adxudicatario comunicará, nin tan sequera para a súa conservación, os Datos de Carácter Persoal tratados en virtude deste Contrato, a ningún terceiro.

O Encargado do Tratamento obrígase neste acto a adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos Datos de Carácter Persoal aos que teña acceso en virtude deste Contrato, en función do nivel de seguridade que sexa aplicable a estes, e que eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, xa proveñan da acción humana, física ou natural, de acordo co establecido na devandita normativa.

O Encargado Tratamento obrígase neste acto a gardar segredo profesional dos Datos de Carácter Persoal aos que teña acceso en virtude deste Contrato aínda despois de finalizada a relación xurídica que une ás partes.

Se o Encargado do Tratamento destinase os Datos de Carácter Persoal para outra finalidade, os comunicase ou os utilizase incumprindo as estipulacións deste Contrato, será considerado Responsable do Tratamento e responderá persoalmente das infraccións en que incorrese, exonerando expresamente ao Responsable do Tratamento de calquera responsabilidade.

**Décima.-** No non previsto no presente Contrato estarase ao disposto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP), e nas demais disposicións regulamentarias que resulten de aplicación.

**Undécima.-** O presente Contrato fornecerá efectos dende o día da súa sinatura ate o 31 de decembro de 2023, salvo que calquera das partes asinantes proceda á súa denuncia expresa cun prazo mínimo de 30 días naturais á data en que se pretenda a súa expiración.

Este Contrato poderase modificar por acordo unánime das partes a través da subscripción da correspondente addenda modificatoria

Así mesmo, extinguirase polo cumprimento das actuacións que constituen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución:

- a) Transcurso do prazo de vixencia do Contrato
- b) Acordo unánime de todos os asinantes
- c) O Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do Contrato e as demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Contrato.
- d) Unha decisión xudicial declaratoria da nulidade do Contrato
- e) A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do Contrato.
- f) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Contrato ou noutras leis.

A resolución do Contrato non afectará á finalización das actividades que estean execución, nin ao seu pagamento.

**Décima.-** Comisión de Seguimento

Crearase unha comisión mixta de seguimento que estará formada por dos representantes da Fundación Deporte Galicia e dous do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e reunirse facultativamente cando se considere necesario a petición dalgunha das partes.

**Duodécima.-** Dando mostra de conformidade con todo o sinalado neste documento, asinan as partes o mesmo por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezado.

Pola Fundación Deporte Galego

Polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

16585036N  
IVAN CLAVEL (R:  
G15769383)

Firmado digitalmente por  
16585036N IVAN CLAVEL  
(R: G15769383)  
Fecha: 2023.09.15 09:50:25  
+02'00'

Asdo. Iván Clavel San Emeterio

Asdo. D<sup>a</sup>. María Rosa Álvarez Prada

### ANEXO I. FICHA INDIVIDUAL DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

<b>DATA DE ENTRADA NA FDG</b>	<b>DATA ENTRADA NO COPG</b>
DATA 1ª CITA	

<b>DATOS DO DGAN BENEFICIARIO</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
IDADE	DATA RECOÑECEMENTO (DOG)		MODALIDADE
PROVINCIA		CONCELLO	
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO	
TIPO DE INTERVENCIÓN (a cubrir polo COPG). * Diferenciarase claramente se é unha intervención deportiva ou require cualificación sanitaria			



<b>DATOS DO PROFESIONAL QUE PRESTA SERVIZO PSICOLÓXICO</b>					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
Nº COLEXIADO/A					
<b>DATOS DA EMPRESA</b>					
NOME DA ENTIDADE					
NOME DA VÍA		NÚM.	BLOQ	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			

<b>Nº SESIÓN GRATUÍTA DO DEPORTISTA</b>	
Nº sesión	

En proba dos servizos psicolóxicos realizados, o profesional e o DGAN beneficiario do servizo, asinan a respectiva ficha individual.

Profesional ofrece servizo psicolóxico

DGAN beneficiario